c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 29.323,51 €

3. ***Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)"(Expte.- 2026039519).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 4 de setembro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra " Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de setembro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado..

A empresa admitida foi a seguinte:

- CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.

A Mesa de Contratación na reunión do día 1 de outubro de 2026 procedeu á apertura dos sobres "A", documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, con data 6 de outubro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO	PLAN DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	16,00	2,00	18,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e vías Provinciais de data 6 de outubro de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)"

4. ***Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)" (Expte.- 2026039519).***

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da "*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)*".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	18,00

A continuación o Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desencriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	732.062,54 €	3,00%	36 MESES	SI

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

De conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares (PCAP) para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACIÓN SOBRE "B"
	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADO 9001	
CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	0,30	5,00	5,00	5,00	15,30

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	18,00	15,30	33,30

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, para que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento á empresa CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado..... 732.062,54 €
IVE (21%) ..... 153.733,13 €
Importe Total..... 885.795,67 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. (C.I.F. A36008886) figura inscrita no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia (nº 182), acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia e acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social , así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A, mediante comunicación electrónica para que aporte no prazo de sete días hábiles, a contar dende o día seguinte á notificación do requirimento, a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 36.639,77 €.

5. ***Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas (Expte. 2025073287).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión do día 26 de xuño de 2026, adoptouse o acordo de aprobación do expediente para a adxudicación, mediante procedemento restrinxido, do *servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas*.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para a súa publicación no suplemento do Diario Oficial da Unión Europea con data 30 de xuño de 2026, resultando publicado o día 1 de xullo de 2026 (Anuncio 2026/S 124-2026). No Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, publicouse con data 1 de xullo de 2026, resultando na mesma publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas que rexen o devandito procedemento restrinxido.

Finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 6 de agosto de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes ás solicitudes de participación e acordou:

1.- Admitir ás seguintes empresas, por cumprir as súas solicitudes de participación os requisitos establecidos nos pregos que rexen a contratación:

- ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (NIF: B27786045)
- OPEN MINDS-OPEN IDEAS, S.L. (NIF: B57614141)

2.- Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira ás empresas EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796), MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185) e TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L. (NIF: B36930097) para que, no prazo de 3 días naturais, aporten a documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional e económica financeira establecida ao efecto.

Realizados os oportunos requirimentos, a Mesa de Contratación, na reunión do día 20 de agosto de 2026, procedeu a cualificar a documentación acreditativa da personalidade e solvencia das empresas que presentaron solicitude de participación no procedemento e, á vista das mesmas e de conformidade co establecido nas cláusulas do prego económico-administrativo acordou:

1.- Admitir ás empresas EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796), MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185) e TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L. (NIF: B36930097), ao considerar acreditado o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia establecidos nos pregos que rexen a contratación.

2.- Propoñer ao órgano de contratación que convide ás empresas ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (NIF: B27786045), OPEN MINDS-OPEN IDEAS, S.L. (NIF: B57614141), EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796), MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185) e TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L. (NIF: B36930097) a presentar a proposición, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, no prazo de 25 días contados desde a data do envío da invitación, nos termos establecidos nos pregos.

A Xunta de Goberno, na sesión do día 28 de agosto de 2026 acordou invitar ás devanditas empresas a presentar proposición para optar á adxudicación do contrato relativo ao *"servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

turística do Destino Rías Baixas". A invitación ás empresas admitidas a presentar proposición para optar á adxudicación do contrato correspondente ao citado servizo foi realizada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, en data 01 de setembro de 2026, presentando as mesmas proposición dentro do prazo establecido.

A Mesa de Contratación, na reunión do día 1 de outubro de 2026, procedeu á apertura dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, aportada polas empresas que continúan no procedemento, remitindo dita documentación ao servizo de Turismo Rías Baixas, para que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento restrinxido.

A responsable do servizo de Turismo Rías Baixas, con data 6 de outubro de 2026, emitiu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentadas polas seguintes empresas, acadando as puntuacións que se indican a continuación:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR	Puntuación máxima	Open Minds-Open Ideas, S.L.	Esmerarte Indrustrias Creativas, S.L.U.	Miraveo Assets, S.L.	Torres y Carrera Consultores de Comunicación, S.L.	Exit Lapera, S.L.
Claridade, atractivo e solidez da idea e presenza de actores	5,000	2,500	4,500	4,000	0,000	4,000
Orixinalidade e calidade dos deseño, escenarios, grafismos e localizacións	5,000	2,500	5,000	2,500	0,000	4,000
Fío condutor do story board e redacción e formatos de guión cinematográfico	5,000	1,500	5,000	5,000	0,000	2,500
Desenvolvemento da creatividade dun vídeo	15,000	6,500	14,500	11,500	0,000	10,500
Desenvolvemento do acto de presentación da campaña na provincia	4,000	2,000	4,000	3,000	1,000	3,000
Desenvolvemento do acto de presentación de FITUR	8,000	2,000	8,000	1,000	3,000	4,000
Desenvolvemento do Foro/Gala de Turismo	3,000	1,000	2,000	1,500	1,000	2,000
TOTAL SOBRE B	30,000	11,500	28,500	17,000	5,000	19,500

A Mesa de Contratación en base ó citado informe acorda:

1.- Prestar conformidade as citadas puntuacións.

2.- Que se proceda á apertura dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas ESMERARTE INDUSTRIAS

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

CREATIVAS, S.L.U. (NIF: B27786045), EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796) e MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185), ao acadar unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (15,000 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares:

6. ***Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas (Expte. 2025073287).***

O Secretario informa os asistentes das puntuacións acadadas nos sobres "B" pola empresas admitidas no procedemento, que se desagregan como segue:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR	Puntuación máxima	Open Minds-Open Ideas, S.L.	Esmerarte Indrustrias Creativas, S.L.U.	Miraveo Assets, S.L.	Torres y Carrera Consultores de Comunicación, S.L.	Exit Lapera, S.L.
Claridade, atractivo e solidez da idea e presenza de actores	5,000	2,500	4,500	4,000	0,000	4,000
Orixinalidade e calidade dos deseño, escenarios, grafismos e localizacións	5,000	2,500	5,000	2,500	0,000	4,000
Fío condutor do story board e redacción e formatos de guión cinematográfico	5,000	1,500	5,000	5,000	0,000	2,500
Desenvolvemento da creatividade dun vídeo	15,000	6,500	14,500	11,500	0,000	10,500
Desenvolvemento do acto de presentación da campaña na provincia	4,000	2,000	4,000	3,000	1,000	3,000
Desenvolvemento do acto de presentación de FITUR	8,000	2,000	8,000	1,000	3,000	4,000
Desenvolvemento do Foro/Gala de Turismo	3,000	1,000	2,000	1,500	1,000	2,000
TOTAL SOBRE B	30,000	11,500	28,500	17,000	5,000	19,500

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

O Secretario accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desencriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "C" das empresas participantes e admitidas no procedemento e que acada unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor nos lotes, sendo os valores ofertados os seguintes:

ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (NIF: B27786045)

1.-Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	147.000,00 €
IVE (21 %):	30.870,00 €
Importe total ofertado:	177.870,00 €

2.- Experiencia da persoa directiva da campaña audiovisual:

Número de traballos	
De creatividades/vídeos de campañas de destinos turísticos	12 traballos
De actos de presentación de campañas turísticas	6 traballos

3.- Experiencia da persoa responsable de produción audiovisual:

Número de traballos	
Producción de vídeos promocionais turísticos para campañas de destinos turísticos	12 traballos
De actos de presentación de campañas turísticas	6 traballos

4.- Experiencia da persoa directora de comunicación:

Número de traballos	
Campañas ou eventos de promoción turística	12 traballos

5.- Experiencia da persoa deseñadora gráfica:

Número de traballos	
Campañas ou eventos de promoción turística	24 traballos

6.- Premios outorgados á persoa Directora da Campaña Audiovisual:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

Número de premios (sinalar o número de premios que se acredite en cada caso)	
Premios nacionais	2 premios
Premios internacionais	4 premios

7.- Número de unidades de merchandising para o acto de FITUR:

Número de unidades	
Ata 400 unidades	
Entre 401 e 425 unidades	
Entre 426 e 450 unidades	
Entre 451 e 475 unidades	X

8.- Número de unidades de adaptacións gráfica de elementos:

Número de unidades promocionais	
Ata 50	
Entre 51 e 55	
Entre 56 e 60	
Entre 61 e 65 unidades	X

9.- Número de unidades de adaptacións de elementos de promoción e comunicación dixitais::

Número de unidades de adaptación	
Ata 30	
Entre 31 e 35	
Entre 36 e 40	
Entre 41 e 45 unidades	X

EXIT LAPERA S.L. (NIF: B10545796)

Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 148.320,88 €

IVE (21 %): 31.147,39 €

Importe total ofertado: 179.468,27 €

2.- Experiencia da persoa directiva da campaña audiovisual:

Número de traballos	
De creatividades/vídeos de campañas de destinos turísticos	8 traballos
De actos de presentación de campañas turísticas	0 traballos

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

3.- Experiencia da persoa responsable de produción audiovisual:

Número de traballos	
Producción de vídeos promocionais turísticos para campañas de destinos turísticos	8 traballos
De actos de presentación de campañas turísticas	0 traballos

4.- Experiencia da persoa directora de comunicación:

Número de traballos	
Campañas ou eventos de promoción turística	5 traballos

5.- Experiencia da persoa deseñadora gráfica:

Número de traballos	
Campañas ou eventos de promoción turística	5 traballos

6.- Premios outorgados á persoa Directora da Campaña Audiovisual:

Número de premios	
Premios nacionais	1 premios
Premios internacionais	4 premios

7.- Número de unidades de merchandising para o acto de FITUR:

Número de unidades	
Ata 400 unidades	
Entre 401 e 425 unidades	
Entre 426 e 450 unidades	
Entre 451 e 475 unidades	X

8.- Número de unidades de adaptacións gráfica de elementos:

Número de unidades promocionais	
Ata 50	
Entre 51 e 55	
Entre 56 e 60	
Entre 61 e 65 unidades	X

9.- Número de unidades de adaptacións de elementos de promoción e comunicación dixitais::

Número de unidades de adaptación	
Ata 30	
Entre 31 e 35	
Entre 36 e 40	
Entre 41 e 45 unidades	X

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

MIRAVEO ASSETS, S.L. (NIF: B70567185)

1.-Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	150.000,00 €
IVE (..... %):	31.500,00 €
Importe total ofertado:	181.500,00 €

2.- Experiencia da persoa directiva da campaña audiovisual:

Número de traballos (sinalar o número de traballos que se acredite en cada caso, por riba do mínimo esixido nos pregos)	
De creatividades/vídeos de campañas de destinos turísticos	0 traballos
De actos de presentación de campañas turísticas	0 traballos

3.- Experiencia da persoa responsable de produción audiovisual:

Número de traballos	
Producción de vídeos promocionais turísticos para campañas de destinos turísticos	0 traballos
De actos de presentación de campañas turísticas	0 traballos

4.- Experiencia da persoa directora de comunicación:

Número de traballos	
Campañas ou eventos de promoción turística	0 traballos

5.- Experiencia da persoa deseñadora gráfica:

Número de traballos	
Campañas ou eventos de promoción turística	0 traballos

6.- Premios outorgados á persoa Directora da Campaña Audiovisual:

Número de premios	
Premios nacionais	4 premios
Premios internacionais	1 premios

7.- Número de unidades de merchandising para o acto de FITUR:

Número de unidades	
Ata 400 unidades	
Entre 401 e 425 unidades	
Entre 426 e 450 unidades	

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

Entre 451 e 475 unidades	X

8.- Número de unidades de adaptacións gráfica de elementos:

Número de unidades promocionais	
Ata 50	
Entre 51 e 55	
Entre 56 e 60	
Entre 61 e 65 unidades	X

9.- Número de unidades de adaptacións de elementos de promoción e comunicación dixitais::

Número de unidades de adaptación	
Ata 30	
Entre 31 e 35	
Entre 36 e 40	
Entre 41 e 45 unidades	X

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incursa en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

7. ***Requirimento para unha demostración telemática e acreditación documental do cumprimento das condicións do PPT do acordo marco dun software integral de xestión de policía local para as entidades locais da provincia de Pontevedra (Expte. 2025077418)***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 26 de xuño de 2026, aprobouse o expediente *do Acordo marco para a contratación mediante procedemento aberto dun software integral de xestión de policia local para as entidades locais da provincia de Pontevedra.*

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 29-06-2026 publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 30-06-2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 30-07-2026 procedeu á apertura electrónica e calificación do sobre "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L. B84137470
- NUBELCO SOFTWARE S.L. B88275623
- TELEFONICA DEFENSA Y SEGURIDAD SAU A28980910
- UTE LABRAX SOLUCIONES S.L. – ALMERIMATIK SISTEMAS INFORMATICOS SAU (B70334529-A04227757)

Na reunión do día 30 do xullo de 2026 tamen se procedeu a efectuar á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordouse trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

O técnicos do servizo de Novas tecnoloxias, tal e como se recolle no apartado 5.3 «Requisitos para a solución», parágrafo segundo, do prego de prescricións técnicas solicitan unha demostración presencial e práctica do conxunto de funcionalidades da solución proposta co obxecto de comprobar de maneira efectiva o cumprimento dos requisitos.

Así mesmo, consideran necesario verificar o efectivo cumprimento dos requisitos mínimos establecidos na Táboa 1 do apartado 5.3 do PPT (RQ1 a RQ28) e, de ser o caso, comprobar as funcionalidades dos módulos adicionais previstos na Táboa 2 do apartado 5.4 (MD1 a MD3).

Tendo en conta o establecido artigo 95 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, conforme ao cal o órgano de contratación ou o seu órgano auxiliar poderá solicitar dos empresarios aclaracións sobre os documentos presentados ou requirirlles documentación complementaria.

Tendo en conta o exposto, a Mesa de contratación acorda requirir ás empresas licitadoras unha aclaración e acreditación da solución ofertada mediante unha demostración telemática de carácter técnico e funcional, coa finalidade exclusiva de verificar o cumprimento dos requisitos e funcionalidades exisidos no PPT.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

1.Obxecto da demostración.: A demostración terá como obxecto a comprobación funcional e técnica de todos e cada un dos requisitos mínimos establecidos na Táboa 1 do apartado 5.3 do PPT (Requisitos RQ1 a RQ28), así como a comprobación das funcionalidades dos módulos adicionais descritos na Táboa 2 do apartado 5.4 (Módulos MD1 a MD3), se é o caso.

2. Metodoloxía e desenvolvemento da sesión: A sesión realizarase en modalidade online e será gravada. A demostración deberá ser realizada por un perfil técnico/funcional da empresa licitadora que coñeza en profundidade a solución, non sendo válida unha mera presentación comercial.

A sesión estruturarase seguindo a orde dos requisitos no PPT. Para cada un dos requisitos (RQ1 a RQ28) e módulos adicionais (MD1 a MD3), o licitador deberá:

a) Demostrar funcionalmente a súa aplicación na plataforma en tempo real, empregando datos de exemplo que permitan comprobar a súa operatividade.

b) Aportar a documentación acreditativa que se detalla no punto 4 desta solicitude.

3. Documentación acreditativa a aportar: Ademais da demostración funcional, o licitador deberá ter preparada e/ou aportar a seguinte documentación, que será requirida durante a sesión:

- Para o RQ1 (Cumprimento ENS Alto e GPRD): Certificación emitida por un organismo acreditado, que acredite o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade (ENS) no nivel ALTO nas 5 dimensións de seguridade (Confidencialidade, Integridade, Trazabilidade, Autenticidade e Dispoñibilidade). Así mesmo, deberá aportarse a declaración de adhesión ao Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPD) e a outras normativas de privacidade, xunto coas políticas de minimización de datos e xestión de dereitos dos interesados.

- Para o RQ7 (Infraestrutura Cloud Segura): Certificación ISO 27001 ou equivalente do centro de datos ou provedor cloud onde se aloxa a solución, así como documentación que acredite a soberanía dos datos en territorios que cumpran coa normativa europea de protección de datos.

- Para o RQ9 (Copias de Seguridade): Plan de continuidade operativa documentado, que inclúa os procedementos de restauración, os tempos de recuperación (RTO) e a perda de datos (RPO) comprometidos.

- Para os RQ14 a RQ26 (Módulos de xestión policial): Manuais de usuario ou guías funcionais dos módulos específicos (RRHH, CRM, Xestión de Proxectos, Mantemento

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ

Firmado por: MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ - ***9585**
Cargo: Deputada delegada
Data: 20/10/2026 09:26

de Equipos, Wiki, Comunicación Segura, etc.), que permitan comprobar as funcionalidades descritas.

- Para os RQ27 e RQ28: Declaración responsable de compatibilidade cos sistemas operativos e navegadores esixidos, así como documentación que acredite o nivel de servizo (ANS) comprometido (dispoñibilidade mensual do 99,7%, etc.).

4. Formato da Documentación: Toda a documentación acreditativa deberá ser remitida preferentemente en formato electrónico (PDF) e de forma ordenada, facilitando a súa clasificación e consulta.

5. Prazo de resposta: O licitador deberá confirmar a súa asistencia e remitir a documentación acreditativa que se solicita, no prazo máximo de 3 días desde a recepción da solicitude, co fin de poder organizar axeitadamente a sesión de demostración.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e un minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

Firmado por: PABLO MONTERO CARRERA - ***2658**
Cargo: Xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
Data: 16/10/2026 08:53

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):UXZLJR6WGGIZXNYJ